

Cédula do 3 de xuño de 1992, do Servicio Provincial de Transportes de Pontevedra, pola que se notifica a anulación da autorización de axencia de transporte da empresa O Noso, S.L.

Pola presente cédula notifícase á interesada, cos datos e último enderezo coñecido que se sinalan a resolución anulatoria da autorización de axencia de transporte da súa titularidade por delegación do director xeral de transportes, (Resolución do 29 de outubro de 1991, DOG 14-XI-1991), polo xefe do Servicio Provincial de Transportes de Pontevedra.

Nº de expediente:

Titular da axencia: empresa *O Noso, S.L.*, con CIF B27003458.

Último domicilio coñecido do titular: r/ Aragón, 164-166.—Vigo (Pontevedra).

Clase de axencia: carga fraccionada, sucursal.

Motivo da anulación: non repoñer no prazo de 30 días, desde que foi apercibida para o efecto por este servicio provincial, a fianza afecta a garanti-lo cumprimento das obrigas que, fronte á Administración de transportes lle corresponden.

Precepto aplicable: artigo 8.1., parágrafo terceiro da O.M. 31-07-1987 (BOE do 7-08).

Facéndolle sabe-lo dereito que a asiste para interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, no prazo de 15 días, contados desde o día seguinte ó da publicación da presente cédula.

E para que lle sirva de notificación, en cumprimento do disposto no artigo 80.3 da Lei de procedemento administrativo, do 17 de xullo de 1958 (BOE do 18 de xullo), expido, asino e selo a presente cédula en Pontevedra o 3 de xuño de 1992.

Mª Cruz Tomé Navas
Xefa do servicio provincial

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

Corrección de erros.—Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (concello de Ribeira, A Coruña).

Advertidos erros no texto do devandito decreto, publicado no DOG nº 114, do 16 de xuño, procede efectua-la súa rectificación, do seguinte xeito:

Na páxina 5.134, artigo 1º, na última liña, onde di: «...instrumento de ordenación...», debe dicir: «...instrumento de planificación...».

Na mesma páxina, no artigo 4º, 1, na ZONA IV, a), a seguir de: «Permiťese o camping», débese engadi-la palabra «exclusivamente».

Na páxina 5.135, no artigo 4º, 3, na ZONA II, b), a seguir de «quedan fóra do uso», débese engadir «para vehículos».

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

Universidade da Coruña

Resolución do 1 de outubro de 1992 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía española, do departamento de Filoloxía Española e Latina, a José Ignacio Pérez Pascual.

De conformidade coa proposta elevada pola comisión para xulga-lo concurso convocado por resolución da Universidade da Coruña, do 20 de novembro de 1991 (BOE do 4 de decembro) para a provisión da praza número 0441/1991 de profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía española, do departamento de Filoloxía Española e Latina desta universidade, a favor de José Ignacio Pérez Pascual, e cumprindo o interesado os requisitos a que alude o apartado do artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, de 26 de setembro;

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a José Ignacio Pérez Pascual profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía española, do departamento de Filoloxía Española e Latina desta universidade.

A Coruña, 1 de outubro de 1992.

José L. Meilán Gil
Rector da Universidade da Coruña

Resolución do 1 de outubro de 1992 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de lingüística xeral, do departamento de Lingüística Xeral e Teoría da Literatura, a Esperanza Morales López.

De conformidade coa proposta elevada pola comisión para xulga-lo concurso convocado por resolución da Universidade da Coruña, do 20 de novembro de 1991 (BOE do 4 de decembro) para a provisión da praza número 951/1991 de profesor titular de universidade da área de coñecemento de lingüística xeral, do departamento de Lingüística Xeral e Teoría da Literatura desta universidade, a favor de Esperanza Morales López, e cumprindo o interesado os requisitos a que alude o apartado do artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro;